



MEMORIA XUSTIFICATIVA DA CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, O CONCELLO DE LUGO, A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO E A ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS E PLANTAS DE LUGO PARA A CONCESIÓN DIRECTA DUNHA SUBVENCIÓN, INSTRUMENTADA A TRAVÉS DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN, DESTINADA AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE LEGALIZACIÓN, REFORMA E AMPLIACIÓN DUN CENTRO DE RECOLLIDA E ALBERGUE PARA ANIMAIS DOMÉSTICOS SITO NO LUGAR DE CODESIDO-PARROQUIA DE MUXA

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital,

A presente memoria ten por obxecto xustificar a concesión directa dunha subvención, instrumentada mediante a formalización dun convenio de colaboración, a favor da entidade Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo, destinada ao financiamento das obras de legalización, reforma e ampliación no devandito Centro de recollida e albergue para animais domésticos sito no Lugar de Codesido-Parroquia de Muxa-, no marco dunha actuación de interese público orientada a garantir a existencia dun centro de protección animal adecuado ás esixencias normativas actuais, capaz de prestar en condicións óptimas os servizos de recollida, acollida, mantemento e atención dos animais abandonados ou extraviados. Deste xeito, a actuación contribúe á mellora do benestar animal, á protección da saúde pública e á consecución dos obxectivos de interese público compartidos polas administracións participantes.

1. ANTECEDENTES

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (en diante, CMACC), en virtude do Decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e tal e como recolle o artigo 1 do Decreto 137/2024, do 20 de maio, ten atribuídas as competencias e funcións en materia de ambiente, a conservación do patrimonio natural, a ordenación do litoral e promoción da paisaxe, a protección das augas, a loita contra o cambio climático e prevención da contaminación e as competencias na materia de instalacións de



produción de enerxía a partir de fontes renovables, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e nos termos sinalados no artigo 45 da Constitución española, que configura o medio ambiente como un ben xurídico de cuxo goce son titulares toda a cidadanía e cuxa conservación é unha obriga que comparten os poderes públicos e a sociedade no seu conxunto. Exercerá estas competencias no nivel de desenvolvemento que se indica en dito decreto para cada un dos órganos integrantes dese Departamento.

A Consellería é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, conservación do patrimonio natural, biodiversidade e protección dos animais domésticos, conforme ao establecido no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. En particular, a Comunidade Autónoma exerce as competencias de planificación, coordinación, inspección, control e fomento en materia de protección e benestar animal, así como as funcións atribuídas pola Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais, e pola Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

Pola súa banda, a Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo é unha asociación constituída no Concello de Lugo, que se rexe conforme aos estatutos da asociación visados pola Comunidade autónoma de Galicia e que figura inscrita no rexistro Provincial de Asociacións co número 1982/000318, do día 15 de maio de 2018.

Entre os fins da dita asociación, conforme aos ditos estatutos figuran a recollida, dar albergue a animais de compañía abandonados ou decomisados mediante a firma de convenios de colaboración con diferentes administracións, proporcionando alimentos e coidados sanitarios/veterinarios que precisen durante a custodia pola asociación; soste un centro de acollida baixo a denominación "Albergue de Animales de compañía" así como asumir a xestión integral de outros centros de ámbito Municipal, Provincial ou Autonómico mediante a sinatura de convenios de colaboración.



Neste contexto, a entidade ten previsto executar as obras de legalización, reforma e ampliación no devandito Centro de recollida e albergue para animais domésticos sito no Lugar de Codesiso-Parroquia de Muxa.

A execución destas actuacións permitirá dar cumprimento ao establecido na Lei de Benestar Animal e dispor dunhas instalacións necesarias e axeitadas para protexer a dignidade, dereitos e benestar dos animais domésticos.

2. OBXECTO E CONTIDO DA COLABORACIÓN

A concesión directa da subvención materialízase a través dun convenio de colaboración, entre a Deputación Provincial de Lugo, Concello de Lugo, Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo que permite regular de maneira detallada os compromisos asumidos polas partes, o destino dos fondos, as obrigas de xustificación e seguimento, así como as condicións de publicidade e control.

As actuacións subvencionadas serán as de legalización, reforma e ampliación das instalacións e permitirán adaptar o centro aos requisitos establecidos na normativa de protección e benestar animal, mellorando as condicións de aloxamento, manexo e atención veterinaria dos animais e contribuíndo á consecución dos fins de interese público que comparten as entidades asinantes.

O detalle e desglose das actuacións subvencionables e do orzamento da obra recóllese no Anexo I do convenio.

Aínda que a actuación material consiste na execución de obras de legalización, reforma e ampliación das instalacións, a finalidade última da subvención é garantir a existencia dun centro de protección animal adecuado ás esixencias normativas actuais, capaz de prestar en condicións óptimas os servizos de recollida, acollida, mantemento e atención dos animais abandonados ou extraviados. Deste xeito, a actuación contribúe á mellora do benestar animal, á



protección da saúde pública e á consecución dos obxectivos de interese público compartidos polas administracións participantes.

3. XUSTIFICACIÓN

A colaboración prevista resulta plenamente coherente coas competencias atribuídas á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático en materia de planificación, coordinación, inspección, control e fomento da protección e do benestar animal, así como coas funcións atribuídas pola Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais, e pola restante normativa sectorial aplicable.

A actividade desenvolvida pola Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo constitúe unha actuación de indubidable interese público e social, ao contribuír de forma directa á recollida, acollida, mantemento, atención veterinaria e protección dos animais abandonados, extraviados ou necesitados de protección, colaborando activamente coas administracións públicas no cumprimento dos obxectivos de benestar animal e saúde pública establecidos pola normativa vixente.

A entidade vén desenvolvendo estas funcións de maneira continuada e consolidada ao longo dos anos, constituíndo un recurso esencial para a atención dos animais abandonados na cidade de Lugo e na súa área de influencia. Así mesmo, é xestora das instalacións obxecto da actuación subvencionada, circunstancia que determina a singularidade da intervención e a imposibilidade práctica de promover un procedemento de concorrência competitiva para a consecución da finalidade perseguida, ao tratarse de garantir a adecuación e continuidade dun proxecto en concreto que presta un servizo estratéxico, e non contemplarse a selección de proxectos alternativos.

Neste contexto, e concorrendo razóns de interese público e social vinculadas á protección e ao benestar animal, considérase xustificada a concesión directa dunha subvención á Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo para financiar as actuacións de legalización, reforma e ampliación do seu Centro de Recollida e Albergue de Animais, co obxecto de adecuar as instalacións ás exigencias normativas vixentes e mellorar as condicións de acollida, aloxamento, manexo e atención dos animais.



A concesión directa da subvención instrumentase a través dun convenio de colaboración, co obxecto de regular de maneira detallada os compromisos das partes, o destino dos fondos públicos, as obrigas de xustificación, seguimento, control e publicidade, garantindo o cumprimento da finalidade de interese xeral perseguida.

En atención ao exposto, e de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a concesión directa resulta o instrumento máis axeitado ao concorrer razóns de interese público e ambiental, derivadas da singularidade da actuación, da natureza da entidade beneficiaria.

4. DURACIÓN

A duración do convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027, sen posibilidade de prórroga, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do convenio asinado, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

5. FINANCIAMENTO

O importe total da subvención concedida no marco do convenio ascende a 744.436,09 € aportados polas distintas administracións asinantes (Deputación de Lugo, Concello de Lugo e Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático).

A aportación da Consellería de Medio Ambiente será de 248.145,36€ coa seguinte distribución por exercicios orzamentarios:

-Anualidade 2026: 58.145,36€

-Anualidade 2027: 190.000€

A subvención concédese de forma directa e imputarase ao capítulo 7 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente a transferencias de capital, aplicación orzamentaria 06.04.541.B.781.0, de conformidade co establecido no Código de clasificación económica da Comunidade Autónoma de Galicia.



Terán a consideración de gastos subvencionables aqueles realizados dende o 1 de xaneiro de 2026 que, de maneira indubitada, respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten necesarios para a execución das actuacións recollidas na cláusula segunda do presente convenio, de acordo co previsto na memoria económica, consonte o establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Tendo en conta a natureza e alcance das actuacións a executar, así como a planificación técnica das obras, a execución material da actuación e a correspondente xustificación do gasto realizaranse de maneira plurianual, distribuíndose do seguinte xeito:

- Os gastos imputables ao exercicio 2026, realizados desde o 1 de xaneiro de 2026 ata o 15 de decembro de 2026, e
- Os gastos imputables ao exercicio 2027, realizados desde o 16 de decembro de 2026 ata o 31 de outubro de 2027.

A achega pública terá carácter subvencional, destinarase integramente ao financiamento de investimentos en infraestruturas e non xerará en ningún caso rendemento económico nin beneficio mercantil para a entidade beneficiaria, consonte á finalidade pública e ambiental da actuación.

6. NATUREZA XURÍDICA

A actuación descrita nesta memoria articúlase mediante a concesión directa dunha subvención, de carácter excepcional, ao abeiro do disposto nos artigos 19.4 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao concorrer razóns debidamente xustificadas de interese público, social e ambiental que dificultan a súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Con carácter supletorio, resulta igualmente de aplicación o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en todo aquilo que non se opoña á normativa autonómica.

A subvención concédese de forma directa, instrumentándose mediante a formalización dun



convenio de colaboración, que terá carácter instrumental e regulador, sen que a súa utilización altere a natureza subvencional da achega.

O convenio rexerá polas súas propias cláusulas e constitúe o instrumento xurídico que regula a actividade a desenvolver por cada unha das partes asinantes, ao abeiro do disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, terase en conta o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno en relación coas obrigas de publicidade e acceso á información pública.

A concesión directa da presente subvención resulta plenamente xustificada pola concorrencia de razóns de interese público que fan necesario garantir, de forma inmediata e eficaz, a execución das actuacións previstas, non sendo o procedemento de concorrencia competitiva o instrumento idóneo para acadar a finalidade perseguida.

O interese público da actuación non deriva unicamente da actividade asistencial desenvolvida pola entidade beneficiaria, senón da necesidade de garantir a existencia e continuidade dun centro de protección animal que presta un servizo esencial para o cumprimento das obrigas legais que corresponden ás administracións públicas en materia de protección e benestar animal, control dos animais abandonados e protección da saúde pública.

As obras obxecto da subvención teñen por finalidade adecuar as instalacións aos requisitos establecidos pola Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais, e pola Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, permitindo que o centro continúe desenvolvendo a súa actividade en condicións de legalidade e cos estándares técnicos exixidos pola normativa vixente.

A singularidade da actuación determina igualmente a imposibilidade material de acudir a un procedemento de concorrencia competitiva. O obxecto da subvención consiste no financiamento de obras de reforma, ampliación e legalización dun inmovble concreto, xestionado pola Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo, sendo esta a única entidade que pode executar a actuación subvencionada, por recaer sobre ela a súa xestión efectiva. En consecuencia, non existe unha pluralidade potencial de beneficiarios que poidan concorrer en condicións de igualdade para executar a mesma actuación, desaparecendo a finalidade propia da concorrencia competitiva.



Debe salientarse, ademais, que o centro constitúe unha infraestrutura de referencia para a recollida, aloxamento, atención veterinaria e custodia de animais abandonados ou extraviados na cidade de Lugo e na súa área de influencia, colaborando de maneira estable coas administracións públicas no exercicio das competencias que estas teñen atribuídas en materia de protección animal. A interrupción ou limitación da súa actividade, derivada da falta de adecuación das instalacións ás exixencias normativas, produciría unha grave afectación ao interese xeral, comprometendo a prestación dun servizo esencial para a protección dos animais e para a salvagarda da saúde pública.

Por todo o anterior, concorren razóns obxectivas de interese público, social e ambiental que xustifican, ao abeiro do disposto no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a concesión directa da subvención mediante convenio de colaboración.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Patrimonio Natural

Marisol Diaz Mouteira

